

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DESTINADAS A SUFRAGAR OS PREZOS PÚBLICOS DO PERSOAL DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS EN TITULACIÓNS OFICIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO, CURSO 2022/2023

A Universidade de Vigo ten establecido un sistema de axudas con cargo ao Fondo de acción social da universidade para facilitar o estudo ao persoal que presta os seus servizos nela e demais persoas beneficiarias dependentes do mesmo.

Así mesmo, en virtude do recoñecemento recíproco destas axudas sometido ao principio de compensación, recoñécese o dereito ao persoal das Universidades da Coruña e de Santiago de Compostela de acordo co establecido nas bases reguladoras.

Por isto ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar axudas do fondo de acción social para a matrícula do persoal das universidades públicas galegas en titulacións oficiais da Universidade de Vigo no curso 2022/2023, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e na web da Universidade de Vigo <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor,
Manuel Joaquín Reigosa Roger



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL PARA A MATRÍCULA DO PERSOAL DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS EN TITULACIÓNS OFICIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO ACADÉMICO 2022/2023**1. OBXECTO**

O obxecto desta axuda do fondo de acción social é sufragar ao persoal ao servizo das universidades públicas galegas, e as persoas beneficiarias dependentes do persoal especificadas nestas bases, os gastos derivados dos prezos por servizos académicos en titulacións oficiais de grao, máster e doutoramento impartidas na Universidade de Vigo no curso académico 2022/2023.

2. TITULARES DO DEREITO E PERSOAS BENEFICIARIAS**2.1. Persoal con destino na Universidade de Vigo:**

- a) O persoal docente e investigador e o persoal de administración e servizos (queda excluído o persoal eventual e con contrato de alta dirección) que reúna os seguintes requisitos entre o 9 de xullo e o 30 de setembro, ou no momento da matrícula no caso de realizarse fóra deste período:
 - i. Percibir as súas retribucións con cargo ao capítulo I dos Orzamentos da Universidade de Vigo. O persoal vinculado á Universidade mediante contrato de traballo deberá estar incluído no ámbito de aplicación do Convenio colectivo do PDI e PAS laboral.
 - ii. Atoparse na situación administrativa de servizo activo ou excedencia por coidado de familiares.
- b) Os familiares (cónxuxe/persoa coa que conviva maritalmente, fillos e fillas ou proxenitores) deste persoal que tivera falecido en servizo activo ou excedencia por coidado de familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, desde o ano 2017, ao amparo do art. 55.6 do Convenio colectivo vixente. O/a cónxuxe ou persoa coa que convivira maritalmente poderá solicitar estas axudas mentres permaneza en estado de viuvez ou non conviva maritalmente de novo.
- c) O persoal xubilado ou declarado en situación de incapacidade absoluta ou gran invalidez.

2.2. Son beneficiarios/as ademais da persoa titular do dereito descrita no apartado anterior:

- a) O/a cónxuxe do/a titular do dereito, ou parella de feito debidamente inscrita.
- b) As fillas e fillos de calquera dos anteriores menores de 28 anos no caso de estudos de Grao, de 30 anos no caso dos estudos de Máster e de 33 nos estudos de Doutoramento, a 31 de agosto de 2022, que convivan co titular do dereito.
- c) As persoas menores de idade acollidas pola persoa titular de xeito permanente ou preadoptivo.

2.3. Persoal das Universidades da Coruña e de Santiago de Compostela: as persoas titulares do dereito e as beneficiarias das Universidades da Coruña e Santiago de Compostela que

cursen estudos na Universidade de Vigo, aplicaránse os criterios de concesión que as súas universidades establezan nas súas propias convocatorias. A aplicación da axuda queda condicionada á compensación ou reintegro á Universidade de Vigo por parte destas institucións dos importes correspondentes. De non facerse efectiva a compensación isto suporá a eliminación da axuda ao persoal das Universidades da Coruña e Santiago de Compostela coa obriga do aboamento dos prezos públicos correspondentes.

3. INCOMPATIBILIDADES

- 3.1. A persoa beneficiaria non poderá figurar con máis dun ou dunha titular. No caso de que presente máis dunha solicitude a persoa titular do dereito deberá ser sempre a mesma.
- 3.2. Estas axudas son incompatibles con calquera outra, de carácter público ou privado, destinadas para a mesma finalidade.
- 3.3. Terá carácter prioritario a aplicación de calquera outra axuda, dedución, subvención ou exención para o pagamento de prezos públicos por servizos académicos á que o alumnado tivera dereito, sendo obrigatorio poñelo en coñecemento da Universidade de Vigo.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

- 4.1. As axudas correspondentes ao persoal da Universidade de Vigo imputaranse á aplicación orzamentaria 0000 421S 162.99 "Outros Gastos Sociais", que ten a consideración de partida ampliable; como expediente de tramitación anticipada, á súa concesión queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

- 4.2. O importe das axudas do persoal da Universidade de Vigo será o correspondente, unha vez aplicadas todas as exencións ás que teña dereito, aos prezos públicos por servizos académicos das materias matriculadas, incluídos os importes dos recoñecementos e do exame para a obtención do título de doutor/a, así como, o importe das probas de acceso.

No caso de matrícula na USC e na UDC o dereito limitárase ás titulacións que non se imparten na Universidade de Vigo.

Están excluídos os seguintes importes:

- Matrícula en programas de formación permanente (títulos propios de posgrao...) e outros cursos da Universidade de Vigo que non teñan carácter oficial.
- Os prezos polos servizos administrativos de: apertura de expediente, expedición e mantemento de tarxetas de identidade, soporte e documentación da matrícula, expedición de certificacións académicas, tramitación de traslado de expediente a outras universidades, solicitude de equivalencia de estudos estranxeiros, expedición do título universitario oficial.
- O importe do seguro escolar.

- 4.3 O pago ao persoal da UVIGO realizarase mediante o procedemento de pago en formalización.

- 4.4. O importe das axudas do persoal das Universidades da Coruña e Santiago de Compostela será o que corresponda unha vez aplicados os criterios de concesión que as súas universidades establezan nas súas propias convocatorias. O pago realizarase á Universidade de Vigo mediante o mecanismo de compensación interuniversitaria que se estableza.



4.5. A contía desta axuda ten a consideración de retribución en especie segundo consta no artigo 42 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio (BOE do 29/11/2006), e como tal está suxeita a tributación como rendemento do traballo, e polo tanto, sometida ao sistema de retencións a conta na porcentaxe que se practique aos restantes rendementos de traballo. Ademais, en aplicación do artigo 147 do *Texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social* incluírase na base de cotización.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- 5.1. No momento da matrícula o/a estudante marcará a exención de “Persoal universidade > Persoal da UVIGO / UDC / USC”, dando lugar á suspensión cautelar do pagamento dos prezos. No caso de que o/a estudante non sexa o/a titular do dereito, nese momento chégalle un correo electrónico á persoa titular do dereito para que confirme a solicitude respondendo a ese correo. No caso de que a persoa titular do dereito rexeite ou non confirme a solicitude, o alumnado deberá aboar os prezos públicos correspondentes.
- 5.2. Quen por algunha circunstancia non indicara no momento da matrícula a exención, poderá realizar a solicitude ata o **30 de decembro** a través do [formulario en liña](#). Unha vez comprobados os datos se lle requirirá á persoa titular a conformidade a través do correo electrónico institucional. Excepcionalmente e cando se xustifique documentalmente algunha causa xustificada admitiranse solicitudes ata o 31 de maio.

6. DOCUMENTACIÓN

- 6.1. As persoas solicitantes deberán presentar ata o **30 de setembro** ou no caso de matrículas posteriores no prazo de 10 días hábiles desde a matrícula, **de non telo presentado en cursos anteriores ou de producirse variación nos datos**, a través do [formulario en liña](#) a seguinte documentación:
- Copia do libro de familia onde figure a persoa titular do dereito e as persoas beneficiarias,
 - Certificado de convivencia dos fillos e fillas
 - no caso de persoas que convivan maritalmente certificado de convivencia,
 - nos supostos de parellas de feito documentación acreditativa.
 - Fe de vida expedida entre o 9 de xullo e o 30 de setembro do 2022 no caso de persoal xubilado.
- 6.2. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os seguintes datos en poder das universidades, agás no caso de que a persoa interesada se opoña expresamente:
- Dni, apelidos e nome, tipo de persoal e antigüidade da persoa titular do dereito.
 - Dni, apelidos e nome, data de nacemento e parentesco da persoa beneficiaria.
 - Titulación na que se matricula o alumnado.
 - Importe dos prezos públicos por servizos académicos.

No caso de existir oposición, ou que a universidade non dispoñan de datos ou existan dificultades técnicas que impidan a súa cesión, a persoa solicitante deberá enviar os documentos que acheguen información a través do [formulario en liña](#).



7. TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

As áreas académicas de grao e posgrao revisarán a documentación presentada e proporán, de ser o caso, a exclusión á Sección de Xestión de Prezos Públicos quen publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión**.

As persoas interesadas disporán de **dez días hábiles** contados a partir do día seguinte ao de publicación para emendar os erros e a falta de documentación. Para tal fin presentarán o formulario *en liña* de alegacións na secretaría virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

Transcorrido o prazo establecido e unha vez finalizados os prazos de modificación de matrícula, a Sección de Xestión de Prezos Públicos, elevará a proposta de **resolución definitiva de concedidas e denegadas** ao reitor, para a súa publicación no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/>.

Se antes da resolución das axudas se solicita a expedición do título académico, se lle poderá esixir ao alumnado o pagamento cautelar dos prezos públicos para proceder a devandita expedición.

A resolución pola que se acorde a concesión ou denegación da axuda pon fin á vía administrativa e contra desta, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende o día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*, sen prexuízo da interposición, con carácter potestativo de recurso de reposición no prazo dun mes dende a súa publicación.

Unha vez publicada a Resolución Reitoral de concesión, e dado o seu carácter de retribución en especie, o Servizo de Retribucións e Seguros Sociais procederá a imputar o importe de cada traballador/a como rendemento do traballo, e na base de cotización.

8. PERSOAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO CON MATRÍCULA NA UDC OU NA USC

As persoas da UVIGO, titulares ou beneficiarias que formalicen matrícula nas Universidades da Coruña e Santiago de Compostela solicitarán a axuda na universidade na que cursen estudos e seralles de aplicación o establecido nesta convocatoria.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do *Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello*, do 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e co disposto no artigo 11 da *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a presente convocatoria.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade



de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede está obrigado a facilitar estes datos en virtude do especificado nos parágrafos anteriores e, en caso de non facelo, as consecuencias serán o desistimento da solicitude.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos do responsable cuxa identidade e datos de contacto son Ana Garriga Domínguez, Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas s/n, 32004, Ourense (España). Teléfono: 988 368 834. Enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2021-05/Xestion_accion_social.pdf

